




BOLETIN OFICIAL



PARLAMENTO DE GALICIA

I LEGISLATURA
1981

Ano III

N.º 359

29 de decembro de 1984

I. TEXTOS EN TRAMITACIÓN

A. PROXECTOS DE LEI

DO PLAN DE ESTRADAS DA COMUNIDADE
AUTÓNOMA GALEGA (n.º 4.874) 7814

I. TEXTOS EN TRAMITACIÓN

A. PROXECTOS DE LEI

DO PLAN DE ESTRADAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

PRESIDENCIA

Con data 10 de decembro de 1984, tivo entrada no Rexistro do Parlamento de Galicia o **PROXECTO DE LEI DO PLAN DE ESTRADAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA**, remitido pola Xunta de Galicia (n.º 4.874).

A Mesa, oída a Xunta de Portavoces, en reunión celebrada o dia 20 de decembro de 1984, ó amparo do disposto no artigo 111.2 do Regulamento do Parlamento de Galicia, do 1 de xuño de 1982, modificado o 14 de xullo de 1983 (B.O.P.G. n.º 150), acordou a tramitación do Proxecto de Lei polo procedemento ordinario e pola Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.

Así mesmo, de conformidade co disposto no citado artigo, acordou a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara e a apertura dun prazo de quince días hábiles para a presentación de emendas, que tendo en conta o período de vacacións do mes de xaneiro, inhábil a efectos de cómputo de prazo, rematará o próximo dia 18 de febreiro de 1985.

O que se publica para xeral coñecemento e ós efectos citados, de conformidade co disposto nos artigos 65, 111 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 1984.

O PRESIDENTE
Antonio Rosón Pérez

PROXECTO DE LEI DO PLAN DE ESTRADAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

A Constitución Española, no seu artigo 148, sinala que as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias en materia de estradas, cando o itinerario esté comprendido integralmente no seu territorio.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 8, atribúelle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de estradas non in-

corporadas á rede do Estado con itinerario comprendido integralmente no territorio da Comunidade Autónoma.

De acordo co establecido no artigo 37, apartado 2, do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspónelle ó Parlamento da Comunidade Autónoma exercela probestade lexislativa nas materias da súa competencia exclusiva.

A Lei 6/1983, de Limitacións da Propiedade nas Estradas non Estatais de Galicia, establece que se deberá remitir ó Parlamento de Galicia o Proxecto de Lei do Plan de Estradas da Comunidade Autónoma.

II

A insatisfactoria situación actual da rede de estradas competencia da Comunidade Autónoma é suficientemente coñecida, igual que o son as causas que contribuíron a ela, entre as que destacan: a insuficiencia de dotacións presupostarias adicadas en etapas anteriores á reposición e conservación da rede obxecto da presente Lei, e o volume, natureza e evolución do tráfico que soporta a rede.

Programas de conservación e reposición para atendelas necesidades máis urxentes serían insuficientes e non evitarián, en breve prazo, a ruína da rede, polo que cómpre un Plan con obxectivos e horizontes estudiados minuciosamente.

Por todo isto esixe:

- Un coñecemento exacto e detallado da situación da rede, das particularidades da circulación e da súa evolución.
- A acertada valoración, avaliación e programación dos medios económicos necesarios, así como a coordinación coas previsións do Plan Económico Rexional.
- As medidas necesarias que permitan: integrar as actuacións na rede de estradas con itinerario compren-

dido integralmente no territorio da Comunidade Autónoma, non sendo as de titularidade estatal; instrumentar e articula-los plans de estradas das distintas administracións con titularidade sobre as mesmas, prevendo a coordinación coas actuacións en materia de política territorial, económica e social, de xeito que se promova unha adecuada localización de actividades, que atenda a un equilibrio territorial e articule unha acertada asignación de recursos.

III

A presente Lei articúlase en cinco títulos cun total de vintetres artigos e dúas disposicións derradeiras.

O articulado da Lei recolle a súa vixencia e ámbito de aplicación, a clasificación das estradas atendendo á súa titularidade e reaxustando a rede de estradas que teñen o seu percorrido dentro do territorio da Comunidade Autónoma. Tamén se regula a coordinación con outras administracións que teñen competencias en materia de estradas, ó tempo que se fixan as actuacións do Plan de Estradas e se regula a programación e distribución das inversiones.

I. ÁMBITO DA APLICACIÓN E VIXENCIA DO PLAN

Artigo 1

A presente Lei ten por obxecto regular e defini-lo Plan de Estradas da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito de competencias da Administración Autonómica de Galicia.

Artigo 2

O ámbito de aplicación da presente Lei comprende todas as estradas con itinerario comprendido integralmente no territorio da Comunidade Autónoma, non sendo as incorporadas á rede do Estado.

Artigo 3

O período de vixencia do Plan de Estradas é de oito anos, comenzados a contar a partir do dia 1 de xaneiro de 1985.

II. CLASIFICACIÓN DAS ESTRADAS

Artigo 4

Establécense no ámbito de aplicación desta Lei dúas clasificacións da rede de estradas.

A primeira en función da titularidade da estrada, e a segunda en función das súas características xeométricas, de uso e explotación.

Artigo 5

En función da súa titularidade as estradas clasifícanse en:

— Rede autonómica formada polas estradas que teñen esa consideración, de acordo coa Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

O órgano titular das mesmas, encargado da súa planificación, proxecto, construcción, conservación e explotación é a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

— Estradas da rede provincial, as que, sen estaren comprendidas na rede autonómica, teñen interés público provincial e a súa planificación, proxecto, construcción, conservación e explotación está encomendada ás Deputacións Provinciais.

— Estradas da rede municipal, as que foron construídas polos Concellos e outras Entidades Municipais ou entregadas a estes para a satisfacción dos intereses das respectivas localidades, e a súa planificación, proxecto, construcción, conservación e explotación é competencia dos respectivos Concellos.

As estradas construídas en execución de Plans Xerais de valoración e que non dean continuidade a itinerarios da rede do Estado, da rede autonómica ou da rede provincial, integraranse nas redes municipais.

Artigo 6

En función das características xeométricas, de uso e explotación, e os efectos da Lei 6/1983 da Comunidade Autónoma de Galicia, sobre Limitacións á Propiedade nas Estradas da Comunidade Autónoma, as estradas obxecto da presente Lei clasifícanse en:

- Rede Primaria.
- Rede Secundaria.
- Rede Terciaria.

Artigo 7

A rede primaria está constituída polas estradas que cumpran algunha das seguintes condicións:

a) As que unen a capital da Comunidade Autónoma ou as capitais de provincia con tódolos centroides que se inclúen no anexo I.

b) As que teñan unha intensidade media diaria igual ou superior a 2.000 vehículos/día.

c) As que teñen unha plataforma mínima de 10 m. e unha calzada de 7 m., segundo o Inventoryo de Estradas competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

No anexo II desta Lei inclúese a relación de estradas que constitúen a rede primaria.

Artigo 8

A rede secundaria está constituída polas estradas que satisfán algunha das seguintes condicións:

a) Unir cabeceiras de Concellos que non están sobre a rede do Estado nin sobre a rede primaria con estradas de calquera destas dúas redes.

b) Uni-los portos e terminais de transportes que se xan competencia da Comunidade Autónoma, ben coa rede do Estado ou coa rede primaria.

No anexo II desta Lei inclúese a relación de estradas que integran a rede secundaria.

Artigo 9

A rede terciaria está constituída por tódalas estradas que, estando incluídas dentro do ámbito de aplicación desta Lei, non formen parte nin da rede primaria nin da rede secundaria.

Artigo 10

1. As estradas provinciais ou municipais que, integradas na rede primaria e secundaria, se inclúen dentro do anexo III no apartado de estradas que se van incorporar, independentemente da súa titularidade actual, pasan á titularidade da Xunta de Galicia, que asumirá a súa xestión, planificación, proxecto, construción, conservación, explotación e vixilancia.

2. O prazo máximo para a incorporación das estradas previstas á competencia da Xunta será de dous anos, contados dende a promulgación desta Lei.

Neste prazo máximo, o órgano titular da estrada poderá a disposición da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas tódolos expedientes de obra, concesións e autorizacións que teña no seu poder.

Para a cesión e incorporación crearase unha comisión integrada por dous representantes da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas e dous representantes do órgano titular da estrada que se vai incorporar.

Artigo 11

As estradas que, ata a entrada en vigor da presente Lei, son competencia da Comunidade Autónoma e están no anexo IV, apartado estradas que se ceden, pasarán á titularidade da administración provincial ou municipal que se determina no apartado e anexo citados, nas condicións e prazo que se determinan na presente Lei.

Artigo 12

1. As estradas que pasan á titularidade das Deputacións Provinciais deberán manter no momento de producirse a cesión: as características de trazado en planta e alzado, o tipo de pavimento e a sinalización que teñan no momento de entrada en vigor desta Lei e manterán o bo estado do pavimento, drenaxes e obras de fábrica.

2. Fixase en catro anos, dende a entrada en vigor, desta Lei, o prazo máximo de entrega por parte da Xunta e a asunción da súa titularidade por parte da Deputación Provincial correspondente.

Artigo 13

As estradas que pasan á titularidade das Corporacións Locais deberán manter no momento de producirse a cesión: as características de trazado en planta e alzado, o tipo de pavimento e a sinalización que teñan no momento de entrada en vigor desta Lei, manterán o bo estado do pavimento e a sección da estrada nas zonas de travesía terá:

- Calzada de 7 metros de ancho.
- Dúas zonas de aparcamento nos dous lados da calzada con ancho máximo de 2 metros.

- Recollida de augas pluviais.
- Conducción para tendido eléctrico de iluminación pública.
- Acera pavimentada a ámbolos dous lados da calzada con ancho máximo de 1 metro.

Nas estradas nas que non sexa posible a construcción da sección indicada, procurarase busca-la solución técnica que máis se achegue a ela.

III. COORDINACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

Artigo 14

1. Co obxecto de coordinar, regular e planifica-las actuacións na rede provincial e municipal créanse as Comisións Provinciais de Planificación Viaria.

2. As funcións das Comisións Provinciais de Planificación Viaria son:

- Elabora-los plans provinciais de estradas.
- Elabora-la normativa básica para a planificación, proxecto e construción das redes provincial e municipal.

3. A composición das Comisións Provinciais de Planificación Viaria fixaraa o Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, e deberán estar representados os seguintes organismos:

- Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.
- Consellería da Presidencia.
- Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación.
- Deputación Provincial.
- Tres representantes dos Concellos de cada provincia e do da capital.

Artigo 15

1. O ámbito dos plans provinciais de estradas será o das redes provincial e municipal de cada provincia.

2. Os plans provinciais de estradas deberán conte-la

planificación viaria e de inversiones, así como a aportación económica de cada un dos organismos que teñan competencias nas redes de estradas obxecto do Plan.

3. O período de vixencia destes Plans será de oito anos con actuacións divididas en dous cuatrienios.

4. O Plan para o primeiro cuatrienio de cada un dos Plans Provinciais de Estradas deberá ser redactado antes do 30 de xuño de 1986 e deberá entrar en vigor o 1 de xaneiro de 1987.

Artigo 16

A aprobación dos plans provinciais de estradas corresponde á Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

Artigo 17

A financiación da elaboración dos plans provinciais de estradas corresponderá á Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas e mais á Deputación Provincial correspondente.

Artigo 18

A aprobación dos plans provinciais de estradas producirá as seguintes consecuencias:

- Os efectos da Lei de Expropiación Forzosa, a necesidade de ocupación entenderase implícita na aprobación do proxecto do trazado.
- As actuacións previstas en cada un dos cuatrienios do Plan quedarán incorporadas coa súa dotación presupostaria ós presupostos das Consellerías afectadas, Deputacións Provinciais e Concellos.

IV. ACTUACIÓN

Artigo 19

Co obxecto de ordenar e racionaliza-las actuacións do Plan, agruparanse as redes primaria e secundaria en 35 itinerarios, que se inclúen como anexo V a esta Lei.

Artigo 20

No prazo de catro anos, contados dende a entrada en vigor da presente Lei, os servicios de estradas da Xunta

deberán proceder á delimitación das travesías, ós efectos recollidos na Lei de Estradas de 1974, sobre liñas de edificación.

Artigo 21

Para o desenvolvemento e financiación dos programas de inversións que, estando contidos no Plan, se desenvolván en medio urbano, establecese o seguinte:

1. A Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, mediante a Dirección Xeral de Obras Públicas, poderá realizar obras de primeiro establecemento ou transformacións substanciais de vías existentes, pertencentes ó sistema xeral de comunicacións da ordenación urbanística municipal e ás travesías e tramos que pasen por zonas urbanas, a petición das Corporacións Locais, mediante acordo dos seus respectivos Plenos. Para iso será requisito indispensable que o tramo viario obxecto da actuación forme parte do planeamento municipal.

2. A aportación económica que, no seu caso, deban face-las Corporacións Locais terá en conta os seguintes aspectos:

- a) Tipo de vía: travesía, vía de penetración, ronda exterior e ronda interior.
- b) Contía das obras.
- c) Aportación ou non dos terreos necesarios para a execución das obras por parte do Concello.

Artigo 22

As actuacións en medio urbano que se executarán durante o período de vixencia do Plan serán:

1. Variantes de estrada nos núcleos urbanos de poboación superior a 20.000 habitantes, ou os que, sen chegaren a este teito de poboación, estean situados en estradas con intensidade media diaria superior ou igual a 10.000 vehículos/día.

2. Acondicionamiento de travesías situadas en núcleos de poboación de máis de 500 habitantes ou travesías de poboación con intensidade media diaria maior ou igual a 2.000 vehículos.

Os acondicionamentos consistirán, ademais das actuacións sobre a plataforma e aceras definidas no artigo 13, na separación de tránsitos de vehículos e peatóns, sinalización de paso de peatóns, semaforización de interseccións e instalación de pasarelas de peatóns en cruces de carácter semiurbano ou estradas desdobladas, e intensidade media diaria superior a 10.000 vehículos.

V. PROGRAMACIÓN E DISTRIBUCIÓN DAS INVERSIÓNNS

Artigo 23

As consignacións económicas adaptaranse anualmente á Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia. En consecuencia, deberá revisarse o prazo total de realización do Plan.

VI. DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Disposición 1.º

Dentro do ano anterior á conclusión de vixencia do Plan de Estradas obxecto desta Lei, a Xunta de Galicia deberá remitir ó Parlamento de Galicia a nova Lei do Plan de Estradas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición 2.º

Dentro do período de vixencia do Plan non se poderá construir ningunha nova estrada que non estea incluída no anexo VI da presente Lei, non sendo as calificadas como obras de interese xeral da Comunidade Autónoma polo Consello da Xunta a proposta da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

Asdo.: José Luís Barreiro Rivas
Conselleiro da Presidencia

ANEXO I

RELACIÓN DE CENTROIDES

Provincia da Coruña	Provincia de Lugo	Provincia de Ourense	Provincia de Pontevedra
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Betanzos	Viveiro	O Barco de Valdeorras	Ceredo
Pontedeume	Vilalba	A Pobra de Trives	Lalín

Provincia da Coruña	Provincia de Lugo	Provincia de Ourense	Provincia de Pontevedra
Ferrol	O Valadouro	Viana do Bolo	Ponte Caldelas
Cedeira	Foz	Maceda	Bueu
As Pontes de G. Rodriguez	Mondoñedo	Celanova	Cangas
Fene	Ribadeo	Allariz	A Estrada
Ribeira	A Ponte Nova (Vilaodriz)	Xinzo de Limia	Caldas de Reis
Boiro	Meira-Castro de Rei	Bande	Vilagarcía de Arousa
Padrón	Navia de Suarna	O Carballiño	O Grove
Teo	Guitiriz	Ribadavia	Cambados
Curtis	Portomarín	Castro Caldelas	Sanxenxo
Melide	Palas de Rei	A Gudiña	Marín
O Pino	Friol	Verín	Redondela
Santiago	Outeiro de Rei		Vigo
Ordes	Chantada		Baiona
Cerceda	Monforte de Lemos		Gondomar
Arteixo	Quiroga		O Porriño
Carballo	A Fonsagrada		A Guarda
Ortigueira	Castroverde		Tui
Malpica	Becerreá		Pontecareas
Ponteceso	Sarria		Salvaterra de Miño
Vimianzo	Samos		A Cañiza
Camariñas	O Corgo		
Corcubión			
Muros			
Mazaricos			
Santa Comba			
Negreira			
Noia			
Porto do Son			



ANEXO II

CATÁLOGO CLASIFICADO DA REDE PRIMARIA DE ESTRADAS COMPETENCIA
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

SÍMBOLO	DENOMINACIÓN	N.º	DENOMINACIÓN	TRAMO	
				LONXITUDES	
				Administrativa	Odométrica
PROVINCIA DA CORUÑA					
C-540	De Betanzos a Lalín	1	C-542 (Betanzos) a C-544 (Curtis)	22.560	22.689
		2	C-544(Curtis) a AC-232 (Corredoiras)	13.730	13.808
		3	AC-232 (Corredoiras) a C-547(Melide)	15.590	15.679
		4	C-547 (Melide) a L.P.Pontevedra	9.220	9.274
C-541	D. Carballiño a Santiago	3	L.P Pontevedra a NC-242 (Pontevea)	0.510	0.505
		4	AC-242 (Pontevea) a N-525 (Santiago)	11.522	11.405
C-542	De Betanzos ó Mesón do Bento	1	N-VI (Betanzos) a C-540 (Betanzos)	1.400	1.400
		2	C-540 (Betanzos) a N-550 (Mesón do Bento)	21.465	21.580
C-543	De Santiago a Noia	1	N-550 (Santiago) a AC-450 (Bertamiráns)	9.531	9.200
		2	AC-450 (Bertamiráns) a AC-300 (Os Anxeles)	2.478	2.440
		3	AC-300 (Os Anxeles) a C-550 (Noia)	23.190	22.850
C-545	De Santiago a Baio	1	AC-463 (Santiago) a AC/P-4021 (Entrepontes)	15.000	14.760
		2	AC/P -4021 (Entrepontes) a AC-403 (Santa Comba)	17.300	17.632
C-550	De Fisterra a Tui pola costa	1	Fisterra a C-552 (Cee)	13.914	13.560
		2	C-552 (Cee) a Ezaro	10.071	10.060
		3	Ezaro a LC-403 (Muros)	31.14 ^c	32.270
		4	Muros a LC/V-4033 (Serra de Outes)	24.113	22.641
		5	AC/V-4033 (Serra de Outes) a C-543 (Noia)	12.160	11.419
		6	C-543 (Noia) a Porto do Son	13.950	13.728
		7	Porto do Son a AC-304 (Ribeira)	22.142	21.792
		8	AC-304 (Ribeira) a AC/P-3101 (Boiro)	14.557	14.436
		9	AC/P-3101 (Boiro) a N-550 (Padrón)	26.897	26.674
C-552	Da Coruña a Fisterra	1	AC-410 (Sabón) a AC-414 (Carballo)	23.090	22.866
		2	AC-414 (Carballo) a AC-432 (Vimianzo)	36.050	35.701
		3	AC-432 (Vimianzo) a AC/V-4423 (Dumbria)	15.390	15.243
		4	AC/V-4423 (Dumbria) a C-550 (Cee)	10.860	10.755
C-641	De Lugo a Ferrol por Vilalba	4	L.P. Lugo a LC-142	8.400	10.800
TOTAL PÁXIMA.....				426.235	425.167

SÍMBOLO	DENONIMACIÓN	N.º	DENOMINACIÓN	TRAMO	
				Administrativa	Odométrica
		7	C-642 (Linares) a AC-115 (Xubia)	6.701	6.650
		8	AC-115 (Xubia) a AC-113 (Marón)	1.875	1.986
		9	AC-113 (Marón) a N-VI (Ferrol)	5.410	5.734
C-642	De Ribadeo a Ferrol por Ortigueira	3	L.P. Lugo a Ortigueira	18.258	18.452
		4	Ortigueira a C-646 (Campo Hospi- tal)	14.179	14.332
		5	C-646 (Campo Hospital) a C-641 (Linares)	25.445	25.716
C-646	De Ortigueira a Ferrol por Cedeira	1	C-642 (Campo Hospital) a Cedei- ra	12.190	10.800
		2	Cedeira a AC-113 (Valdoviño)	21.082	19.475
AC-113	De C-642 a Valdoviño	1	De C-642 (Marón) a C-646 (Val- doviño)	10.770	10.800
AC-115	De Fene a Xubia (Antiga N-VI)	1	N-VI (Fene) a C-642 (Xubia)	4.778	4.800
AC-141	De N-VI a Capela	1	N-VI (Cabanás) a AC-142 (Capela)	15.980	16.100
AC-142	De C-641 a Capela	1	C-641 a AC-141 (Capela)	12.004	9.620
AC-161	De N-VI a Bergondo	1	N-VI (As Angustias) a AC-164 (S.Isidro)	4.019	4.130
AC-162	De Bergondo a Sada	1	AC-164 (S.Isidro) a AC-183 (Sada) e Acceso Porto de Sada	5.000	4.340
AC-164	De N-VI a N-VI (Ra- mal a Ferrol)	1	N-VI (Guísamo) a AC-170 (Santa Marta de Babío)	2.000	1.950
		2	AC-170 (Sta.Marta de Babío) a AC-161 (Bergondo)	1.574	1.534
		3	AC-161 (Bergondo) a N-VI (Insua)	3.914	3.817
AC-170	De Guísamo a Sta. Marta de Babío	1	N-VI (Guísamo) a AC-164 (Santa Marta de Babío)	2.400	2.300
AC-172	De Sta.Cruz a Mera	1	AC-173 (Sta. Cruz) a AC-184 (Arillo)	2.729	2.720
AC-173	De N-VI a Santa Cruz	1	N-VI (Perillo) a AC-172 (Sta. Cruz)	4.336	3.780
AC-174	De Oleiros a N-VI	1	AC/P-1802 (Oleiros) a N-VI (Perillo)	4.620	4.530
			TOTAL PÁXIMA....	179.264	173.566

SÍMBOLO	DENOMINACIÓN	N.º	DENOMINACIÓN	TRAMO	
				LONXITUDÉ Administrativa	LONXITUDÉ Odométrica
AC-183	De Sada a Meirás	1	AC-162 (Sada) a AC/P-1802 (Taravello)	1.430	1.100
		2	AC/P-1802 (Taravello) a AC-184 Meirás	2.770	2.730
AC-184	De AC-172 a Meirás	1	AC-172 (Arillo) a AC-183 (Meirás)	2.983	2.180
AC-211	De San Pedro a Portazgo (Antiga N-VI)	1	N-VI (San Pedro) a AC-212 (Fonteculler)	2.347	2.236
		2	AC-212 (Fonteculler) a N-550 (Portazgo)	0.917	0.874
AC-212	De N-VI a AC-211	1	N-VI (O Pasaxe) a AC-211 (Fonteculler)	1.334	1.200
AC-224	De Ordes a Lanza	1	N-550 (Ordes) a Enlace A-9	5.000	4.952
		2	Enlace A-9 a C-544 (Lanza)	15.197	15.053
AC-232	De Corredoiras a Sobrado	1	C-540 (Corredoiras) a AC-233 (Sobrado)	8.783	9.050
AC-233	De Sobrado a Friol (Lugo)	1	AC-231 (Sobrado) a L.P. Lugo	8.721	8.650
AC-234	De Arzúa a Corredoiras	1	C-547 (Arzúa) a C-540 (Corredoiras)	12.657	12.560
AC-242	De Padrón a Ponteveda	1	N-550 (Padrón) a C-541 (Ponteveda)	13.210	13.070
AC-250	De Sigüéiro a Labacolla	1	N-550 (Sigüéiro) a C-547 (Aeroporto de Santiago)	7.375	7.310
AC-300	De N-550 a C-543	1	N-550 (Escravitude) a C-543 (Os Anxeles)	7.100	7.180
AC-400	De N-550 a Cerceda	1	N-550 (Sigrás) a AC-401 (Cerceda)	19.225	19.420
AC-401	De Cerceda á Silva	1	AC-400 (Cerceda) a AC-402 (A Silva)	9.442	9.380
AC-402	De Santa Comba á Silva	1	C-545 (Sta.Comba) a AC/P-4021	13.883	13.747
		2	AC/P-4021 a AC-401 (A Silva)	12.221	12.103
AC-403	De Muros a Santa Comba	3	AC/V-4033 (Pino do Val) a AC-443 (Pereira)	11.789	11.650
		4	AC-443 (Pereira) a C-545 (Sta. Comba)	7.415	7.320
AC-410	Da Coruña ós Baños de Arteixo	1	A Coruña a C-552 (Sabón)	9.630	9.240
TOTAL PÁXINA.....				173.430	171.005

SÍMBOLO	DENOMINACIÓN	N.º	DENOMINACIÓN	TRAMO	
				Administrativa	Odométrica
AC-414	De Carballo a Buño	1	C-552 (Carballo) a PO-422 (Buño)	9.800	9.710
AC-420	De Buño a Malpica	1	AC-414 (Buño) a Malpica	8.177	8.110
AC-422	De Buño a Ponteceso	1	AC-420 (Buño) a AC-424 (Ponteceso)	11.233	10.750
AC-430	De Baio a Ponteceso	2	AC-431 (As Grelas) a AC-422 (Ponteceso)	5.164	5.050
AC-431	De AC-430 a Laxe	1	AC-430 (As Grelas) a AC-433 (Laxe)	6.876	6.790
AC-432	De Vimianzo a Camariñas	1	C-552 (Vimianzo) a AC-433 (Carantonha)	5.300	5.425
		2	AC-433 (Carantonha) a Camariñas	13.250	13.565
AC-433	De AC-432 a Laxe	1	AC-432 (Carantonha) a AC-431 (Laxe)	13.060	13.000
AC-443	De Negreira a Brandomil	1	AC-450 (Negreira) a AC-403 (Pereira)	15.652	15.792
AC-450	De C-543 a Negreira	1	C-543 (Bertamiráns) a AC-443 (Negreira)	11.731	10.960
AC/P-1802	De AC-174 a LC-183	1	AC-174 (Oleiros) a AC-183 (Tarabelo)	6.600	6.600
AC/P-3101	De C-550 a C-550	1	C-550 (Noia) a C-550 (Beiro)	13.000	13.000
AC/P-4021	De AC-412 a C-545	1	C-552 (Carballo) a AC-402	11.000	11.000
		2	AC-402 a C-545 (Entrepontes)	18.600	18.600
AC/V-4033	De C-550 a AC/V-4423	1	C-550 (Serra de Outes) a AC-403 (Pino do Val)	14.000	14.000
		2	AC-403 (Pino do Val) a AC/V-4423 (Mazaricos)	5.000	5.000
AC/V-4423	De AC/V-4033 a C-552	1	AC/V-4033 (Mazaricos) a C-552 (Dumbría)	21.500	21.500
<hr/>				<hr/>	
				TOTAL PÁXIMA.....	189.943
<hr/>				<hr/>	
				TOTAL REDE PRIMARIA DA CORUÑA	968.872
				<hr/>	
					958.590

**CATALOGO CLASIFICADO DE REDE PRIMARIA DE ESTRADAS COMPETENCIA
DA COMUNIDADE AUTONOMA GALEGA**

SÍMBOLO	DENOMINACIÓN	N.º	DENOMINACIÓN	TRAMO				
				LONXITUDE				
				Administrativa	Odométrica			
<hr/>								
PROVINCIA DE LUGO								
C-533	Da Gudiña a Lálín	4	C-546 (Monforte) a N-540 (Chantada)	32.304	32.230			
		5	N-540 (Chantada) a L.P. Pontevedra	15.214	15.180			
C-535	De Becerreá a Ventas de Narón	1	N-640 (Ventas de Narón) a LU-612 (Portomarín)	12.075	12.350			
		2	LU-612 (Portomarín) a C-546 (Sarria)	23.008	23.610			
		3	C-546 (Sarria) a N-VI (Becerreá)	29.759	30.440			
C-546	De Lugo a Ourense por Monforte	1	N-VI (Madela) a C-535 (Sarria)	24.042	23.540			
		2	C-535 (Sarria) a LU-652 (Bóveda)	21.359	20.915			
		3	LU-652 (Bóveda) a C-533 (Monforte)	12.319	12.065			
C-630	De Pravia (Oviedo) a Lugo	1	L.P. Oviedo á Fonsagrada	13.155	13.100			
		2	Fonsagrada a LU-710 (Baleira)	26.985	26.875			
		3	LU-710 (Baleira) a Castroverde	13.899	13.840			
		4	Castroverde a N-640 (Lugo)	20.486	20.405			
C-640	De Viveiro a Betanzos	1	C-642 (Viveiro) a C-641 (Cabreiros)	46.516	48.525			
		2	C-641 (Cabreiros) a LU-170 (Moxán)	11.259	11.745			
C-641	De Lugo a Ferrol por Vilalba	1	N-VI (Rábade) a N-634 (Vilalba)	21.575	21.680			
		2	N-634 (Vilalba) a C-640 (Cabreiros)	15.599	15.670			
		3	C-640 (Cabreiros) a L.P. A Coruña	4.154	4.170			
C-642	De Ribadeo a Ferrol por Ortigueira	1	LU-142 a C-640 (Viveiro)	14.442	14.370			
		2	C-640 (Viveiro) a L.P. A Coruña	16.433	16.360			
LU-120	De Vilalba a Paraxes	1	N-634 (Vilalba) a LU/P-1201	16.117	15.990			
		2	LU/P-1201 a N-640 (Paraxes)	15.429	15.310			
LU-160	De Mondoñedo a Ferreira	1	N-634 (Mondoñedo) a LU-161 (Ferreira do Valadouro)	19.635	19.570			
LU-170	De N-VI a Momán	1	LU/V-1701 (Vilares) a C-640 (Momán)	12.700	10.240			
LU-201	Da Barrela a Cea (L.P. Ourense)	1	N-540 (A Barrela) a L.P. Ourense	7.382	7.380			
<hr/>				TOTAL PÁGINA.....	445.846 445.560			

SÍMBOLO	DENOMINACIÓN	N.º	DENOMINACIÓN	TRAMO	
				Administrativa	Odométrica
LU-232	De N-540 a Feiol	1	N-540 a LU-233 (Friol)	21.500	19.150
LU-233	De Friol a Sobrado dos Monxes (L.P. A Coruña)	1	LU-232 (Friol) a L.P. A Coruña	11.355	12.630
LU-601	De Monforte a Castrocaldelas	1	C-533 (Monforte) a L.P. Ourense	19.393	18.450
LU-612	De N-540 a Portomarín	1	N-540 (Ponte) a C-535 (Portomarín)	24.698	23.500
LU-614	Travesía de Pobra de S. Xiao	1	C-546 a C-546 (Pobra de S. Xiao)	1.350	1.200
LU-633	De Sarria a Samos	1	C-546 (Sarria) a LU-634 (Samos)	14.100	12.480
LU-634	De Samos a Pedrafita	1	LU-633 (Samos) a N-VI (Pedrafita)	39.980	39.100
LU-652	Da C-533 a Bóveda	1	N-120 (N) a C-546 (Bóveda)	12.460	12.150
LU-710	De Baralla a Baleira	1	N-VI (Baralla) a N-630 (Baleira)	16.100	16.020
LU-722	De Becerreá a Navia de Suarna	1	N-VI (Becerreá) a Navia de Suarna	32.126	28.300
LU-750	De Meira a Baleira	1	N-640 (Meira) a N-630 (Baleira)	24.830	24.570
LU/V-1701	De Guitiriz a LU-170	1	N-VI (Guitiriz) a LU-170 (Vilares)	9.400	9.400
LU/P-1201	De N-634 a LU/V-1201	1	N-634 (Abadín) a LU-120	12.300	12.300
		2	LU-120 a LU/V-1201 (Castro)	14.400	14.400
LU/V-1201	De LU/P-1201 a N-640	1	LU/P-1201 (Castro) a N-640	5.000	5.000
<hr/>				<hr/>	
				TOTAL PÁXIMA.....	258.992
					248.650
<hr/>				<hr/>	
				TOTAL REDE PRIMARIA DE LUGO.....	704.838
					694.210

CATÁLOGO CLASIFICADO DA REDE PRIMARIA DE ESTRADAS COMPETENCIA DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

SÍMBOLO	DENOMINACIÓN	N.º	DENOMINACIÓN	TRAMO				
				Administrativa	Odométrica			
<hr/>								
PROVINCIA DE OURENSE								
N-120	De Logroño a Vigo (Antiga N-120)	1	N-120(N) (S.Miguel de Outeiro)a C-533 (Freixido)	6.938	7.065			
		2	C-533 (Freixido) a Pobra de Trives	13.366	13.610			
		3	Pobra de Trives aOUR-601 (Castro Caldelas)	24.589	25.035			
		4	OUR-601 (Castro Caldela) aOUR-104 'lto de Couso)	30.608	31.165			
		5	OUR-104 (Alto de Couso) a N-120(A) (Os Viros-Cruce das Lagoas)	25.099	25.556			
N-540	De Lugo a Portugal por Ourense	1	N-525 (Ourense) a C-531 (Celanova)	25.966	25.422			
		2	C-531 (Celanova) a OUR-301 (Bande)	16.478	16.133			
		3	OUR-301 (Bande) a Fronteira con Por- tugal	33.956	33.245			
C-531	De Xinzo de Vilagarcía de Arousa	1	N-525 (Xinzo) a N-540 (Celanova)	27.900	27.300			
		2	N-540 (Celanova) a OUR-402 (Corte- gada)	29.232	28.690			
		3	OUR-402 (Cortegada) a L.P. Pontevedra	3.168	3.110			
C-533	Da Gudiña a Lalín	1	N-525 (A Gudiña) a Viana do Bolo	20.123	19.607			
		2	Viana do Bolo a N-120 (A) (Freixido)	32.477	31.643			
OUR-101	De Ourense a Maceda	1	N-120 (Ourense) a OUR-104 (Maceda)	24.900	24.800			
OUR-103	De Maceda Os Milagros	1	OUR-104 (Maceda) a OUR/V-1102 (Os Mi- lagros)	5.000	5.350			
OUR-104	De Alto de Couso a Ma- ceda	1	N-120 (A) (Alto de Couso) a OUR-103 (Maceda)	6.000	5.750			
OUR-105	De Ponte Moalla a Ourense (Antiga N-525)	1	OUR-320 (Ponte Moalla) a N-120 (Ourense)	6.500	6.325			
<hr/>				<hr/>				
TOTAL PÁXIMA.....				332.300	329.806			

SÍMBOLO	DENOMINACIÓN	N.º	DENOMINACIÓN	TRAMO	
				Administrativa	Odométrica
OUR-122	De P. de Sanabria a Sobradelos	1	Casaio a N-120 (A) (Sobradelo)	20.500	20.160
OUR-201	De Cea á Barrela	1	OUR-204 a L.P. de Lugo	11.400	10.600
OUR-204	De Carballiño a Cea	1	N-541 (Carballiño) a OUR-201 (Cea)	9.600	10.270
OUR-210	De Ribadavia ó Carballiño	1	OUR-401 (Ribadavia) a N-541 (Carballiño)	19.200	17.380
OUR-301	De Xinzo de Limia a Bande	1	N-525 Xinzo de Limia a N-540 (Bande)	28.200	27.690
OUR-320	De Piñeira de Arcos a Ponte Noalla	1	N-525 (Piñeira de Arcos) a OUR-105 (Ponte de Noalla)	25.100	22.750
OUR-401	De Ribadavia a L.P. Pontevedra	1	OUR-210 (Ribadavia) a L.P. Pontevedra	6.700	6.450
OUR-402	De Ourense a Cortegada	1	Ourense a OUR-403 (Ponte Castrelo)	27.600	27.149
		2	OUR-403 (Ponte Castrelo) a C-531 (Cortegada)	16.500	16.230
OUR-403	De Ponte Castrelo a Valdepereira	1	OUR-402 (Ponte Castrelo) a OUR-406 (Valdepereira)	2.300	2.210
OUR-406	De Ribadavia a Valdepereira	1	OUR-210 (Ribadavia) a N-120 (Valdepereira)	3.300	3.490
OUR-410	De Cortegada á Frontera	1	C-531 (Cortegada) á Frontera con Portugal	16.600	16.240
OUR-601	De Castro Caldelas a Monforte	1	N-120 (A) (Castro Caldelas) a L.P. Lugo	10.200	9.960
OUR/P-1101	De N-525 a OUR/V-1102	1	N-525 (Xinzo de Limia) a OUR/V-1102 (Vilar de Barrio)	16.000	16.000
OUR/V-1102	De N-525 a OUR-103	2	OUR/P-1101 (Vilar de Barrio) a OUR-103 (Os Milagros)	10.800	10.800
TOTAL PÁGINA.....				224.000	217.379
TOTAL REDE PRIMARIA DE OURENSE.....				556.300	547.185

**CATÁLOGO CLASIFICADO DA REDE PRIMARIA DE ESTRADAS COMPETENCIA
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA**

SÍMBOLO	DENOMINACIÓN	N.º	DENOMINACIÓN	TRAMO	
				LONXITUDE Administrativa	LONXITUDE Odométrica
PROVINCIA DE PONTEVEDRA					
C-531	De Xinzo a Vilagarcía	4	L.P. Ourense a PO-400 (Filgueira)	0.500	0.490
		5	PO-400 (Filgueira) a N-120 (A Ca- ñiza)	12.600	12.390
		6	N-120 (Petán) a Ponte Caldelas	41.437	39.652
		7	Ponte Caldelas a PO-242 (Marcó- n-A Ereira)	13.495	12.916
		8	PO-242 (Marcon-A Ereira) a N-550 (Pontevedra)	4.568	4.372
		9	N-550 (Pontevedra) a PO-300 (No- gueira)	7.600	9.420
		10	PO-300 (Nogueira) a C-531 (Va- riante de Pousadeiro a Caldas)	7.500	9.290
C-533	Da Gudiña a Lalín	6	L.P. Lugo a N-525 (Lalín)	22.700	22.450
C-540	De Betanzos a Lalín	5	L.P. A Coruña (Ponte Arcediano) a N-640 (A Golada)	10.600	10.410
C-541	Do Carballiño a Santia- go	1	N-640 (A Estrada) a PO/P-2141	8.100	7.730
		2	PO/P-2141 a L.P. A Coruña (Pen- tevea)	2.900	2.770
C-550	De Fisterra a Tui pola costa	10	N-550 (Pontecesures) a C-531 (Vilagarcía de Arousa)	21.100	20.860
		11	C-531 (Vilagarcía de Arousa) a PO-300 (Cambados)	12.270	12.270
		12	PO-300 (Cambados) a PO-304 (Gon- dar)	8.930	8.840
		13	Gondar a Bif.C-550 (A Lanzada)	4.500	3.240
		14	Bif.C-550 (A Lanzada) 6 Grove	5.300	4.380
		16	Bif.C-550 (A Lanzada) a PO-304 (Sanxenxo)	10.840	11.648
		17	PO-304 (Sanxenxo) a C-531 (Ponte- vedra)	16.260	17.472
		18	Pontevedra a PO-320 (Bueu)	18.700	18.540
TOTAL PÁGINA....				229.900	229.140

**CATÁLOGO CLASIFICADO DA REDE PRIMARIA DE ESTRADAS COMPETENCIA
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA**

SÍMBOLO	DENOMINACIÓN	N.º	DENOMINACIÓN	TRAMO	
				Administrativa	Odométrica
		20	PO-320 (Cangas) a Acceso Ponte de Rande	19.670	14.570
		21	M-525 (Vigo a Pza.de España) a PO-330 (Vigo)	1.820	1.720
		22	PO-330 (Vigo) a PO-340 (A Ramallosa)	14.560	13.750
		23	PO-340 (A Ramallosa) a Baiona	6.830	6.450
		24	Baiona á Guarda	27.490	25.940
		26	A Guarda a Tui (excepto acceso á nova Ponte Inter.)	26.200	24.890
PO-200	De M-541 a Lalín	1	M-541 (Folgosete) a M-525 (Lalín)	36.400	34.930
PO-224	De M-541 a M-550	1	M-541 (Ponte Bora) a M-550 (Alto de San António)	11.500	10.840
PO-242	De M-541 a C-531	1	M-541 (Ponte Bora) a C-531 (Marcón-A Ermita)	3.700	3.600
PO-243	De M-550 a C-531	1	M-550 (Pino) a C-531 (Marcón-A Ermita)	4.200	4.030
PO-300	De C-531 a Cambados	1	C-531 (Mogueira) a PO-301 (Ponte Arnelas)	6.110	6.040
		2	PO-301 (Ponte Arnelas) a C-550 (Cambados)	6.990	6.910
PO-301	De PO-300 a Vilagarcía	1	PO-300 (Ponte Arnelas) a C-550 (Vilagarcía)	6.700	6.720
PO-304	De Sanxenxo a Vilalonga	1	C-550 (Sanxenxo) a C-550 (Gondar)	5.800	4.420
PO-311	De M-550 a Peio	1	M-550 (O Burgo) a C-531 (Peio)	0.800	0.850
PO-320	De Bueu a Cangas	1	C-550 (Bueu) a C-550 (Cangas)	8.100	7.850
PO-330	De Vigo a Vincies	1	C-550 (Vigo) a PO-331 (Vincies)	6.600	8.400
PO-331	De Porriño a Gondomar	1	M-120 (Porriño) a PO-330 (Vincies)	12.140	12.000
		2	PO-330 (Vincies) a PO-340 (Gondomar)	7.060	6.990
PO-340	De Tui á Ramallosa	4	PO-331 (Gondomar) a C-550 (A Ramallosa)	5.000	4.330
PO-364	De C-550 a Perteneve	1	C-550 (Perteneve) a Pte.Perteneve	0.500	0.480
PO-400	De Salvaterra a Filgueira	1	PO-404 (Salvaterra) a C-531 (Filgueira)	45.500	45.410
TOTAL PÁGINA.....				265.670	251.120

SÍMBOLO	DENOMINACIÓN	N.º	DENOMINACIÓN	TRAMO	
				Administrativa	Odométrica
P0-401	De Filgueira a L.P. Ourense	1	C-531 (Filgueira) a L.P. Ourense	5.400	5.420
P0-404	De N-550 a Salvaterra	1	N-550 (Guillarei) a P0-412 (Rañada)	8.510	8.360
		2	P0-412 (Rañada) a P0-400 (Salvate-rra)	7.090	6.960
P0-410	De N-550 a Salceda	1	N-550 (Aties) a P0-412 (Salceda)	8.300	8.150
P0-412	De Salceda P0-404	1	P0-410 (Salceda) a P0-404 (Rañada)	4.600	4.600
P0/P-2141	De N-640 a C-541	1	N-640 (Portela) a C-541	6.900	6.900
P0/P-2211	De N-550 a N-640	1	N-550 (Barro) a N-640 (Cuntis)	11.700	11.700
<hr/>				<hr/>	
TOTAL PÁXINA...				52.500	52.090
<hr/>				<hr/>	
TOTAL REDE PRIMARIA DE PONTEVEDRA....				548.070	532.350

**CATÁLOGO CLASIFICADO DA REDE SECUNDARIA DE ESTRADAS COMPETENCIA
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA**

SÍMBOLO	DENOMINACIÓN	N.º	DENOMINACIÓN	TRAMO	
				Administrativa	Odométrica
<hr/>					
PROVINCIA DA CORUÑA					
C-545	De Santiago a Baio	3	AC-403 (Sta.Comba) a C-552 (Baio)	20.330	21.228
C-640	De Viveiro a Betanzos	5	AC-153 (Irixoa) a N-VI (Betanzos)	14.100	14.100
		4	L.P. Lugo a AC-153 (Irixoa)	19.500	19.500
C-641	De Lugo a Ferrol por Vilalba	5	AC-142 a LC-110 (Espinaredo)	5.443	5.231
		6	AC-110 (Espinaredo) a C-642 (Linarens)	18.675	17.949
C-646	De Ortigueira a Ferrol por Cedeira	3	LC-113 (Valdoviño) a Ferrol	15.402	16.380
AC-100	Do Porto do Barqueiro ó Porto de Bares	1	C-642 (O Barqueiro) a Bares	6.853	6.760
AC-101	De C-642 ás Pontes de García Rodríguez	1	C-642 (Ortigueira) a C-641 (As Pontes de García Rodríguez)	31.449	31.280
AC-102	De C-642 a Cerdido	1	C-642 (Felgosas) a AC-104 (Cerdido)	4.259	4.260
AC-103	De C-642 a Somezas	1	C-642 (Felgosas) a AC-110 (Somezas)	11.368	11.450
AC-104	De C-646 a Cerdido	1	C-646 (Esteiro) a AC-102 (Cerdido)	5.438	5.500
AC-110	De C-641 a Somezas	1	C-641 (Espinaredo) a AC-103 (Somezas)	9.242	9.185
AC-112	De C-642 a AC-113	1	C-642 (San Sadurniño) a AC-113 (Carreira)	8.731	6.780
AC-122	De N-VI a Mugardos	1	N-VI (Cabanás) a AC-130 (Mugardos)	10.599	10.250
AC-123	De AC-122 a Ares	1	AC-122 (Franza) a AC-130 (Ares)	2.990	2.700
AC-130	De Mugardos a Ares	1	AC-122 (Mugardos) a AC-123 (Ares)	4.243	4.250
AC-133	De AC-122 a Fene	1	AC-122 (Piñeiro) a N-VI (Fene)	5.748	5.650
AC-144	De Pontedeume a Taboada	1	N-VI (Pontedeume) a AC-150 (Taboada)	8.200	8.725
<hr/>					
				TOTAL PÁXIMA.....	202.570
					201.178

ESTRADA

TRAMO

SÍMBOLO	DENOMINACIÓN	N.º	DENOMINACIÓN	LONXITUDE
				Administrativa Odométrica
AC-150	De AC-151 a Taboada	1	AC-151 (Pontedapedra) a AC-144 (Taboada)	3.480 3.020
AC-151	De N-VI a Monfero	1	N-VI (Campolongo) a AC-152 (Mon- fero)	17.000 17.090
AC-152	De Monfero a Irixoa	1	AC-151 (Monfero) a C-640 (Irixoa)	5.820 5.940
AC-153	De N-VI a Irixoa	1	N-VI (Montesalgueiro) a C-640 (Irixoa)	10.610 10.505
AC-160	De Miño a Vilamateo	1	N-VI (Miño) a AC/V-1602	5.000 4.915
		2	AC/V-1602 a Vilamateo	4.800 4.860
AC-163	De Sada a Mera	1	AC-162 (Sada) a Fontán	0.650 0.520
		2	Fontán a AC-172 (Mera)	10.200 10.310
AC-172	De Santa Cruz a Mera	2	AC-184 (Arille) a AC-163 (Mera)	2.865 2.900
AC-213	De AC-211 a Sigrás	1	AC-211 (O Burgo) a Sigrás	3.820 3.750
AC-214	De Guisane a Cambre	1	N-VI (Guisane) a C-221	4.815 3.776
		2	C-221 a C-220 (Cambre)	3.830 3.004
AC-220	De N-550 a Cambre	1	N-550 (Sigrás) a AC-214 (Cambre)	2.490 2.140
AC-221	De San Pedro de Nós a Nabegondo	1	N-VI (S.Pedro) a AC-214	4.935 5.075
		2	AC-214 a C-542 (Nabegondo)	8.142 8.375
AC-223	Das Travesas a Xanceda	1	C-542 (As Travesas) a AC-224 (Xanceda)	17.323 17.140
AC-230	De N-VI á Est.de Curtis	1	N-VI (Montesalgueiro) a C-540 (Curtis-Estación)	13.014 13.040
AC-231	De N-VI a Sobrado	1	N-VI (A Castellana) a C-544 (Tei- xeira)	6.600 6.391
		2	C-544 (Teixeira) a AC-232 (Sobrado)	11.900 11.524
AC-240	De Burres a Ponte Ulla	1	C-547 (Burres) a AC/P-2405 (Muíña)	7.976 7.860
		2	AC/P-2405 (Quión) a AC-260 (Vilar)	17.300 17.653
		3	C-260 (Vilar) a N-525 (Ponte Ulla)	6.327 6.457
AC-241	De Ponte Ulla a Pon- tevea	1	N-525 (Ponte Ulla) a AC/P-2413	5.084 5.125
TOTAL PÁGINA.....				173.981 171.370

SÍMBOLO	DENOMINACIÓN	N.º	DENOMINACIÓN	TRAMO	
				Administrativa	Odométrica
		2	A.C/P-2413 a N-541 (Pontevedra)	9.150	9.225
AC-260	De N-525 a Ponte Ledesma	1	N-525 (Susana) a AC-240 (Vilar)	10.377	10.420
		2	AC-240 (Vilar) a L.P. Pontevedra (Ponte Ledesma)	6.453	6.380
AC-301	De Padrón a Moia	1	C-550 (Padrón) a C-543 (Moia)	26.566	26.365
AC-302	De Caramiñal a Oleiros	1	C-550 (P.de Caramiñal) a C-550 (Oleiros)	6.749	6.610
AC-303	De Oleiros a Corrubedo	1	C-550 (Oleiros) a Corrubedo	8.122	8.050
AC-403	De Muros a Sta.Comba	1	C-550 (Muros) a Paxareiras	12.162	12.300
		2	Paxareiras a AC/V-4033 (Pino do Val)	10.000	9.880
AC-412	De Carballo á Silva	1	C-552 (Carballo) a AC-413 (A Silva)	14.100	13.920
AC-413	De Ordes á Silva	1	A.C/P-4133 (Ordes) a AC/A-4135	13.340	14.430
		2	AC/A-4135 a AC-412 (A Silva)	4.075	4.410
AC-424	De Ponteceso a Corme	1	AC-422 (Ponteceso) a Corme	9.224	9.600
AC-430	De Baio a Ponteceso	1	C-552 (Baio) a AC-431 (As Grelas)	8.136	9.600
AC-440	De Berdoias a Muxía	1	C-552 (Berdoias) a Muxía	15.192	15.120
AC-441	De Berdoias a Brandomil	1	C-552 (Berdoias) a AC-443 (Brandomil)	16.636	16.240
AC-443	De Negreira a Brandomil	2	A.C-403 (Pereira) a A.C-441 (Brandomil)	5.448	5.498
AC-444	De C-545 a Negreira	1	C-545 (Pte.Faílde) a AC-450 (Negreira)	11.462	11.710
AC-451	De C-543 a Brión	1	C-543 (Os Anxeles) a AC-450 (Brión)	5.000	3.210
AC-452	De Portomoura a Ames	1	C-545 (Portomoura) a AC-453 (Ames)	6.631	7.220
AC-453	De C-543 a Ames	1	C-543 a AC-452 (Ames)	4.200	4.200
AC/V-1001	De N-550 a Culleredo	1	N-550 (Alvedro) a Culleredo	3.000	3.000
AC/V-1034	De AC/V-1035 a Noeche	1	AC/V-1035 a Noeche	4.500	4.500
AC/V-1035	De C-642 a AC/V-1034	1	C-642 a AC/V-1034	2.000	2.000
AC/P-1051	De C-642 a Cariño	1	C-642(Mera) a Cariño	10.000	10.000
C/V-1533	De A.C-153 a Aranga	1	AC-153 (Muniferral) a Aranga	3.600	3.600
TOTAL PÁXIMA.....				226.123	227.488

ESTRADA

TRAMO

SÍMBOLO	DENOMINACIÓN	N.º	DENOMINACIÓN	LONXITUDE	
				Administrativa	Odométrica
AC/V-1602	De AC-160 a Vilamaior	1	AC-160 a Vilamaior	4.500	4.500
AC/P-2237	De C-540 a Cesuras	1	C-540 a Cesuras	5.700	5.700
AC/V-2241	De C-544 a N-550	1	C-544 (Ponte Carreira) a Frades	8.000	8.000
AC/P-2331	De C-540 a PO-233	1	C-540 (Melide) a Toques	6.000	6.000
AC/P-2401	De C-540 a Santiso	1	C-540 a Santiso	2.700	2.700
AC/P-2405	De C-547 a AC-240	1	AC-240 (Muiña) a AC-240 (Quión)	0.700	0.700
AC/P-2413	De N-525 a AC-241	1	N-525 (Milleiros) a AC-241	4.900	4.900
AC/V-3065	De AC-301 a AC/V-3066	1	AC-301 (Cruideo) a Lousame	7.700	7.700
AC/V-4116	De C-552 a Caión	1	C-552 (Arteixo) a Caión	11.600	11.600
AC/V-4133	De N-550 a Estación de Ordes	1	N-550 (Ordes) a AC-413	0.600	0.600
AC/V-4134	De AC/V-4133 a AC/V-4131	1	AC/V-4133 (Estación de Ordes) a Trazo	4.800	4.800
AC/A-4135	De AC-413 a Tordeia	1	AC-413 a Tordeia	6.500	6.500
<hr/>				<hr/>	
TOTAL PÁGINA.....				63.700	63.700
<hr/>				<hr/>	
TOTAL REDE SECUNDARIA DA CORUÑA.....				666.374	663.736

**CATÁLOGO CLASIFICADO DA REDE SECUNDARIA DE ESTRADAS COMPETENCIA
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA**

SÍMBOLO	DENOMINACIÓN	N.º	DENOMINACIÓN	TRAMO				
				LONXITUDE				
				Administrativa	Odométrica			
<hr/>								
PROVINCIA DE LUGO								
C-640	De Viveiro a Betanzos	3	LU-170 (Román) a L.P. A Coruña	3.700	3.700			
LU-111	De C-641 a Cospeito	1	C-641 (Rábade) a LU-112 (Cospeito)	13.000	13.230			
LU-112	De Cospeito a Tumbo	1	LU-111 (Cospeito) a LU-120 (Tumbo)	5.200	5.500			
LU-121	De Tumbo a Moncelos	1	LU-120 (Tumbo) a LU/P-1201 (Moncelos)	3.971	3.680			
LU-122	De Lindín a Paraxes	1	LU-124 (Lindín) a LU-120 (Paraxes)	23.048	23.230			
LU-124	De Mondaredo a Vilameá	1	N-634 (Mondaredo) a LU-122 (Lindín)	5.738	5.671			
		2	LU-122 (Lindín) a N-640 (Vilameá)	24.576	24.289			
LU-132	De Lourenzá a Vilafernando	1	N-634 (Lourenzá) a N-640 (Vilafernando)	22.986	23.200			
LU-140	De Ribadeo ó Porto Pesqueiro	1	N-634 (Ribadeo) ó Porto Pesqueiro	0.404	0.500			
LU-141	De N-634 ó Porto de Riallo	1	N-634 ó Porto de riallo	1.358	1.200			
LU-143	De C-642 ó Porto de Celeiro	1	C-642 (Celeiro) ó Porto de Celeiro	0.920	0.880			
LU-152	De Ferreira a Foz	1	LU-160 (Ferreira do Valadouro) a LU/V-1521	14.970	14.810			
LU-161	De Landrove a Ferreira	1	C-640 (Landrove) a LU-160 (Ferreira do Valadouro)	24.486	24.250			
LU-170	De N-VI a Román	1	N-VI a LU/V-1071 (Vilares)	6.400	8.710			
LU-212	De Taboada a Monterroso	1	N-540 (Taboada) a N-640 (Monterroso)	10.364	10.750			
LU-221	De Monterroso a Palas de Rei	1	N-640 (Monterroso) a C-547 (Palas de Rei)	10.976	10.390			
LU-231	De Friol a Palas de Rei	1	LU/V-2421 (Friol) a C-547 (Palas de Rei)	19.599	20.950			
LU-234	De N-VI a Cota	1	N-VI (Baqueixos) a LU-232 (Cota)	12.414	12.480			
<hr/>				TOTAL PÁGINA.....				
				204.110	207.420			

SÍMBOLO	DENOMINACIÓN	N.º	DENOMINACIÓN	TRAMO	
				Administrativa	Odométrica
LU-242	De N-VI á Estación de Parga	I	N-VI a LU/V-2421 (Parga)	1.975	1.950
LU-602	De C-533 a San Clodio	I	C-533 a San Clodio	0.280	0.270
LU-603	De C-546 a Canabal	I	C-546 a Canabal	1.500	2.760
LU-611	De Rubián a Taboada	I	C-546 (Rubián) a Taboada	38.536	35.810
LU-613	De Portomarín a Cendoi	I	C-535 (Portomarín) a LU/V-6625 (Cendoi)	6.175	6.250
LU-621	De Pobra de S. Xiao a Baralla	I	LU-614 (Pobra de S. Xiao) a N-VI (Baralla)	21.663	22.050
LU-635	De C-535 a LU-633 en Sarria	I	C-535 a LU-633 (Sarria)	1.050	1.050
LU-641	De Castrocán a Toldaos	I	LU-633 (Castrocán) a LU-642 (Toldaos)	13.200	13.000
LU-642	De Froián á Ferraría de Incio	I	LU-641 (Toldaos) a LU-653 (Hospital)	4.957	5.220
LU-651	De Quiroga a Seoane do Courel	I	N-120(N) (Quiroga) a Seoane do Courel	35.698	35.370
LU-653	Da Pobra de Brollón a Hospital	I	LU-654 (Pobra de Brollón) a LU-642 (Hospital)	15.700	15.990
LU-654	De C-533 á Pobra de Brollón	I	N-120(A) (Estación) a LU-653 (A Pobra de Brollón)	1.539	1.830
LU-702	De Oviedo a San Anto- nín de Ibias	I	Oviedo a L.P. de Oviedo	3.974	3.990
LU-703	De C-630 a Santa Eulalia de Oscos	I	C-630 (Fonfría) a L.P. Oviedo	9.053	8.880
LU-704	De Vilaodriz a Taramundi	I	LU/V-7041(Vilaodriz) a L.P. Oviedo	8.813	6.870
LU-721	Da Fonsagrada a Vilabel de Suarna	I	C-630 (A Fonsagrada) a Vilabel de Suarna	20.070	11.940
TOTAL PÁGINA.....				184.183	173.230

SÍMBOLO	DENOMINACIÓN	N.º	DENOMINACIÓN	TRAMO	
				Administrativa	Odométrica
LU-723	De Ambestas (L.P.León) a Pontes de Gatín	1	L.P. León a LU-722 (Pontes de Gatín)	27.976	27.520
LU-740	Da Fonsagrada a Trobo	1	C-630 (A Fonsagrada) a Trobo	17.593	17.400
LU-741	De Vilaodriz a Aldeguer	1	LU/V-7041 (Vilaodriz) a Aldeguer	4.970	5.050
LU-760	De N-640 a Balonga	1	N-640 a Balonga	15.388	15.650
LU/V-1253	De N-640 a Castro de Rei	1	N-640 a Castro de Rei	6.000	6.000
LU/V-1521	De LU-152 a N-642	1	LU-152 a C-642 (Foz)	5.500	5.500
LU/V-1612	De C-642 a LU-160	1	C-642 (Vilachá) a LU-161 (Ferreira do Valadouro)	13.200	13.200
LU/V-2421	De LU-242 a LU-231	1	LU-242 (Parga) a LU-231 (Friol)	18.700	18.700
LU/V-6031	De LU-603 a Lubián	1	LU-603 (Canabal) a Sober	4.000	4.000
LU/V-6143	De LU-613 a C-546	1	LU-613 (Cendoi) a Páramo	4.400	4.400
LU/V-6625	De C-546 a C-533	1	C-546 a C-533 (Escairón)	11.200	11.200
